



## NORMAS XERAIS PARA AS FAMILIAS

### Revisión de síntomas na casa

- Cada día, antes de acudir ao centro, realizarase unha autoavaliación que permita a identificación anticipada de calquera síntoma compatible co COVID. Para isto empregarase o modelo de enquisa de autoavaliación que aparece ao final deste documento. **Esta enquisa non é preciso entregala no centro.**
- Cubrirase a declaración responsable disponible para a súa descarga na páxina web do centro.
- No caso de presentar algún dos síntomas descritos na enquisa non acudirá ao centro, avisará ao centro desta situación e porase en contacto de xeito inmediato co centro de saúde.
- Se algunha persoa coa que o alumno tivo contacto nas dúas últimas semanas, sexa ou non do núcleo familiar, é sospeitosa de padecer a COVID, o alumno non poderá acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da súa proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado ao centro.

### Material de protección individual do alumnado

- O uso da máscara é obrigatorio.
- É obrigatorio, ademais, que cada alumno teña consigo unha segunda máscara de reposto, así como unha bolsa ou estoxo específico para gardala. Desde o centro recoméndase tamén que cada alumno traia con el un “kit COVID” individual que inclúa, entre outros elementos, un bote de hidroxel desinfectante e un paquete pequeno de panos de papel.

### Recollida do alumnado no centro ante síntomas

- Se durante o horario lectivo un alumno ou unha alumna presentasen síntomas compatibles co COVID aplicarase o protocolo oficial: illar o/a alumno/a na aula COVID e avisar aos pais ou á persoa de referencia, que deberá acudir ao centro o antes posible.
- Fóra do centro poráanse de forma inmediata en contacto co centro médico de referencia, en caso de realización do test diagnóstico, unha vez coñecido o resultado deberá comunicalo ao centro (tanto se fose positivo como negativo).



## ENQUIA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

<b>Presentou nas últimas 2 semanas?</b>		<b>SI</b>	<b>NON</b>
<b>Síntomas respiratorios</b>	<b>Febre maior de 37,5°C</b>		
	<b>Tose seca</b>		
	<b>Dificultade respiratoria</b>		
<b>Outros síntomas</b>	<b>Fatiga severa (cansazo)</b>		
	<b>Dor muscular</b>		
	<b>Falta de olfacto</b>		
	<b>Falta de gusto</b>		
	<b>Diarrea</b>		

		<b>SI</b>	<b>NON</b>
<b>CONVIVIU nas últimas 2 semanas?</b>	<b>cunha persoa COVID-19 + confirmado?</b>		
	<b>cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?</b>		